

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020283	IES da Illa de Arousa	A Illa de Arousa	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	31
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	32
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	33
6. Medidas de atención á diversidade	34
7.1. Concreción dos elementos transversais	35
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	38
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	39
9. Outros apartados	39

## 1. Introducción

### Contextualización

O IES da Illa de Arousa, localizado no concello da Illa de Arousa (Pontevedra), é un centro que imparte a etapa de Educación Secundaria Obrigatoria de 1º a 4º da ESO. Unha gran parte dos escolares vive na mesma localidade e proceden todos do CEIP Torre-Illa. Os estudos postobrigatorios deben realizalos noutros centros da comarca, noemadamente en Vilanova de Arousa.

O curso de 3º ESO está dividido en dous grupos de 22 e 21 alumnos e alumnas.

En canto a atención á diversidade, contamos con un alumno con TDH, un alumno con TEA, dous alumnos que se incorporan ao centro neste curso académico, un alumno con dislexia e dous alumnos que teñen activado o protocolo para a prevención de condutas autolesivas. Nos grupos tamén hai dous alumnos integrados no programa de Alerta escolar por diferentes condicións. Todos eles recibirán as atencións e medidas que corresponda en cada caso.

### Xustificación

As nosas decisións programáticas obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 3º de ESO continúa as liñas dos cursos anteriores na etapa coa novidade do achegamento á historia da literatura galega. Preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e favorecer un uso ético da linguaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral e se trata de xeito global e completencial a educación lingüística, os contidos deste nivel non constitúen un cambio diferenciado non sendo estes atendendo á maior complexidade dos textos, das habilidades de produción ou interpretación requiridas, da metalinguaxe necesaria e o grao de autonomía.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, como o desenvolvemento sociohistórico das linguas da Península Ibérica, as características dialectais do galego e o traballo para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos.

O segundo bloque, «Comunicación» integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento á historia da literatura galega.

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe guiada do sistema lingüístico a través da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos e xeneralizacións e contraste entre as linguas.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o catalán e o portugués, especialmente este último, en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes.

A proposta didáctica que se presenta para 3º de ESO está artellada arredor de 9 unidades didácticas cuxos títulos se vehiculan a través dos contidos literarios e sociolingüísticos traballados en cada unidade. As devanditas unidades están articuladas segundo a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, en cada unidade levaranse a cabo situacións de aprendizaxe que artellarán o traballado en cada unha delas, permitindo así facer unha integración dos contidos na realidade máis inmediata do alumnado.

Fomentarse tamén a lectura autónoma, co fin de que o alumnado desenvolva o gusto pola literatura, especialmente pola ficción. Traballaremos en cada unidade cunha serie de propostas obedecendo a criterios de representación do noso corpus literarios, inclusión de autores e autoras de obra salientable, diversidade temática, actualización e variedade de xéneros.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Do latín ao galego	<p>Na unidade 1 principiamos o curso coa avaliación inicial. Unha vez realizada esta, temos como primeiro obxectivo analizar a realidade da lingua como un fenómeno oral do que participa toda a poboación en calquera cultura e achegarnos á lingua escrita como principal sistema substitutivo que só nas etapas máis recentes está ao alcance de toda a poboación.</p> <p>Profundaremos no legado da literatura popular de tradición oral e iniciaremos deseguido o estudo do desenvolvemento histórico social do galego e do portugués. Coñeceremos os aspectos máis especiais da orixe e formación do galego e o paso do latín ao romance, establecendo unha comparativa con outras linguas da contorna, nomeadamente o portugués, o castelán e o catalán.</p> <p>Coñeceremos as características máis salientables da literatura medieval, así como dos seus axentes.</p> <p>Reforzaremos e asentaremos os coñecementos ortográficos previos para fornecer unha base sólida.</p>	15	13	X		
2	E banhar-nos hemos-nas ondas	<p>Tras o estudo do desenvolvemento histórico social de galego e portugués, xa estaremos en condicións de realizar unha panorámica por toda a literatura medieval. Centraremos na lírica amorosa (nomeadamente nas cantigas de amigo e nas de amor), as súas características e recursos lingüístico-estruturais e procuraremos relacionar as formas xenuínas de entretemento na Idade Media coas actuais a través das cantigas musicadas.</p> <p>Integraremos na unidade a lectura dunha obra narrativa en lingua galega. O obxectivo será fomentar o acceso ás obras de ficción en lingua galega de distinto xénero e temática.</p> <p>En canto ao funcionamento da lingua, traballaremos as unidades lingüísticas que se establecen no galego, nomeadamente a palabra e as categorías gramaticais. Revisaremos e consolidaremos a acentuación.</p> <p>-Produción escrita: conto de medo.</p>	12	13	X		
3	Cavaleiro, com vossos cantares	<p>O avance no coñecemento da lírica medieval galego-portuguesa permitiranos afondar en aspectos máis técnicos e así</p>	10	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Cavaleiro, com vossos cantares	<p>achegarnos a novas temáticas da lírica profana, como é a cantiga de escarnio e maldizer e a prosa, que contan cun amplo vocabulario propio da lingua medieval e que dá a coñecer usos e costumes da época.</p> <p>Incidiremos na importancia de recoñecer e aplicar os mecanismos de creación de palabras nas linguas flexivas, como son a composición, a derivación e a parasíntese. Afondaremos en léxicos específico do mundo do mar, con especial fincapé no vocabulario propio da contorna para denominar os produtos do mar. Estudaremos as regras que rexen o uso de maiúsculas e minúsculas.</p> <p>-Proxecto de investigación: A dorna e o patrimonio marítimo (avaliación mediante táboa de indicadores)</p>	10	11	X		
4	Os Séculos (non tan) Escuros	<p>Co achegamento á 2ª avaliación adentraremonos no coñecemento da lingua durante os séculos XV e XVIII, os Séculos Escuros, para avanzar cara o Prerrexurdimento e o Rexurdimento, coñecendo así os factores sociopolíticos que sumiron o galego nunha situación de abandono e aculturización. Reflexionaremos sobre a manipulación da información en Internet e sobre a propiedade intelectual. Aprenderemos a recoñecer o léxico xenuíno do galego referido ao ámbito TIC, contribuíndo a incorporar os neoloxismos ao noso acervo. Analizaremos tamén as tipoloxías textuais e coñeceremos os diferentes criterios para clasificar un texto, proporcionando ferramentas para comprender textos de distintos ámbitos do saber. Os contidos gramaticais que incluiremos darán pé a un uso con propiedade e coherencia dos pronomes galegos. Afondaremos na mellora do uso das regras de ortografía, nomeadamente as de puntuación.</p> <p>-Produción escrita: inventamos unha noticia falsa.</p>	13	12		X	
5	Non me digas "te quero"	<p>Na quinta unidade, tras o estudo do desenvolvemento histórico social dos Séculos Escuros e do Rexurdimento estamos en condicións abordar o achegamento ao Rexurdimento desde a lectura dos testemuños xornalísticos da época. Aprenderemos diferentes estratexias para mellorar a produción escrita de textos,</p>	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Non me digas "te quero"	<p>especialmente nos textos da vida cotiá, centrándonos especialmente na precisión léxica, na ortografía e nas construcións de infinitivo persoal.</p> <p>Afondaremos no uso, clasificación e colocación do pronome, nomeadamente dos clíticos.</p> <p>Consolidaremos o uso de signos de puntuación como as comiñas, os dous puntos ou os puntos suspensivos.</p> <p>Integraremos nesta unidade a lectura dunha obra da literatura galega actual.</p> <p>-Produción escrita: carta formal de queixa.</p>	10	12		X	
6	Rosalía: Quixente tanto, meniña	<p>Nesta unidade aproximaremos á figura de Rosalía de Castro, co fin de recoñecer, actualizar e valorar a súa contribución á historia do pobo galego e a súa proxección na actualidade.</p> <p>Darémolle especial importancia as características lingüísticas e sociolingüísticas do galego do XIX.</p> <p>Coñeceremos os textos propios dos medios de comunicación orais e escritos.</p> <p>Achegarémonos ao estudo do léxico propio do galego propio do campo da saúde e as doenzas, con especial importancia aos neoloxismos e buscando eliminar as interferencias lingüísticas.</p> <p>Estudaremos o funcionamento do verbo en galego, nomeadamente das perífrases verbais e formas menos usadas, alén de depurar as interferencias do castelán do seu paradigma.</p> <p>Afondaremos nas regras básicas de puntuación, nomeadamente os signos de interrogación, exclamación, paréntese e trazos ou guións.</p> <p>-Proxecto e investigación: a microtoponimia.</p>	10	11		X	
7	Curros: O maio que eu quero	<p>Achegarémonos, desde esta unidade, a coñecer mostras poéticas actuais de contido cívico e social para poñer en relación coa obra dos clásicos do Rexurdimento.</p> <p>Analizaremos a obra de Manuel Curros Enríquez e valoraremos o seu legado na construción dunha sociedade galega crítica, digna e solidaria coas minorías e excluídas do sistema.</p> <p>Estudaremos o léxico do medio natural xenuíno do galego e poñerémolo en relación co coidado do medio.</p> <p>Pescudaremos as características dos textos propios do ámbito académico e traballaremos na produción de textos que</p>	10	11			X



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Curros: O maio que eu quero	<p>respecten as propiedades textuais básicas. Estudaremos as funcións sintácticas fundamentais: frase, cláusula e oración. Distinguiremos os fundamentos que permiten diferencias suxeito e predicado nas linguas románicas próximas, nomeadamente no galego e no portugués. Coñeceremos as regras básicas respecto da ortografía dalgunhas palabras, nomeadamente daquelas que poden presentar dificultades con grafías próximas ou complexas.</p>	10	11			X
8	Pondal: Que din os rumorosos	<p>Coñeceremos a importancia da mitoloxía celta e relacionarémola coa obra pondaliana, a través dos relatos propios desta cultura. Profundaremos na figura de Eduardo Pondal para estudar o seu legado, clave en moitos aspectos da identidade galega moderna. Achegarémonos á súa obra tamén desde un punto de vista crítico coa súa figura. Coñeceremos os trazos fundamentais do texto publicitario e poñerémolo en relación coa tipoloxías e modalidades textuais elementais. Estudaremos as carterísticas principais da situación sociolingüística do galego desde a instauración da democracia. Coñeceremos os fenómenos lingüísticos que xorden do contacto entre as linguas, distinguindo os conceptos de bilingüismo e diglosia, con especial fincapé na situación do galego. Achegarémonos ás funcións sintácticas do predicado. Aprenderemos as regras que rexen o uso dos grupos consonánticos. Integraremos na unidade a lectura dunha obra narrativa en lingua galega. -Producción escrita: folleto turístico.</p>	10	11			X
9	Desterrando prexuízos	<p>Contra o final de curso coñeceremos outros textos do Rexurdimento, nomeadamente a prosa. Neste caso procuraremos incidir na importancia para a literatura galega a aparición das primeiras novelas escritas en lingua galega, que abren o camiño cara novas etapas literarias. Estudaremos os fenómenos sociolóxicos que favorecen o conflito lingüístico, como a aparición e consolidación dos prexuízos lingüísticos. Aprenderemos o significado do concepto de interferencia lingüística e procuraremos a súa detección de depuración. Coñeceremos os trazos específicos do texto</p>	10	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Desterrando prexuízos	electrónico e empregarémolos para o uso persoal. Distinguiremos os constituíntes da cláusula e da oración. Revisaremos de forma individual as dificultades ortográficas máis frecuentes para chegar a corrixilas na produción propia. -Traballo de investigación: fraseoloxía arousá.	10	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Do latín ao galego	13

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	O alumnado coñece e explica as etapas da historia da lingua galega e a parte diferencial da lingua portuguesa.	PE	80
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado entende os elementos que compoñen un texto escrito e valora a súa calidade e adecuación ao contexto.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado é capaz de elaborar un texto escrito axeitado ao rexistro.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado entende as características xenéricas dos textos da literatura medieval.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado entende o contido e a forma dos textos da literatura medieval galego-portuguesa.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado detecta e corrixe erros nos textos de produción propia e allea, nomeadamente ortográficos.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Entede e corrixe textos con erros de cohesión ou coherencia.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado recoñece e identifica as palabras patrimoniais fronte as cultas.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Entede os contidos dun texto oral formal e é capaz de seleccionar a información máis relevante.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado intervéñ de maneira activa nas interaccións da aula e faino en lingua galega.	TI	20
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado interpreta textos ou fragmentos sinxelos da literatura galega.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade.</li> <li>- Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> </ul>

## Contidos

- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	E banhar-nos hemos-nas ondas	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado é capaz de revisar textos de produción propia e detectar erros sinxelos.	PE	60
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado interpreta a forma e contido das cantigas de amor e amigo da literatura medieval galego-portuguesa.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado valora o contido e calidade literaria das obras lidas.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado afonda nos elementos propios do xénero literario.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado reelabora textos literarios atendendo a criterios de estilo adecuados ao xénero.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado coñece e aplica as regras gramaticais para a construción e revisión de textos de produción propia e allea.		
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	O alumnado entende o portugués como lingua irmá e coñece as diferenzas entre ambas linguas.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado aplica as regras de intervención oral nos textos argumentativos orais, como o debate.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado busca información na rede de xeito autónomo e selecciona a información máis axeitada.	TI	40
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado relaciona as obras lidas cos seus propios itinerarios lectores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa.</li> <li>- Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> </ul>

## Contidos

- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.

UD	Título da UD	Duración
3	Cavaleiro, com vossos cantares	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado redacta textos escritos de carácter formal e contido académico.	PE	65

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Entende diferenza os xéneros profanos da lírica medieval galego-portuguesa polo seu contido.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado explica o sentido das cantigas de escarnio e malidicir e elabora o contexto de produción.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado detecta erros ortográficos ou gramaticais nos textos.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado é capaz de aplicar en textos de produción propia léxico de nova incorporación ao seu acervo lexicográfico.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado elabora un traballo de investigación de forma autónoma sobre o patrimonio marítimo tradicional.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado relaciona a lírica medieval galego-portuguesa con outras manifestacións culturais e artísticas.	TI	35

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita</li> </ul>



**Contidos**

- activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxexió
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
4	Os Séculos (non tan) Escuros	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumnado detecta os prexuízos contra a lingua e destérraos, entendendo a lingua como síntoma de riqueza cultural.	PE	65



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado emprega fontes de información para construír os seus textos e corrixir as producións propias ou alleas.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha exposición oral planificada e complexa dun traballo previo.	TI	40
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado desenvolve as súas interaccións formais e informais en galego cunha calidade axeitada ao nivel.		
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado interpreta e selecciona a información de diferentes fontes bibliográficas e valora positivamente as fontes orais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

## Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica empregada nestes curso será nomeadamente activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual cooperativo do alumnado. Ademais, para favorecer o desenvolvemento competencial dos alumnos e alumnas a metodoloxía buscará sempre axustarse ao nivel competencial inicial destes. O obxectivo desta metodoloxía activa e contextualizada é que os alumnos e alumnas sexan cada vez máis activos e autónomos, conscientes de ser os responsables da súa aprendizaxe, mentres que o docente pasa a ser un xestor de coñecemento.

Neste sentido, procuraranse escenarios de aprendizaxe cooperativa nos que os membros do grupo poidan valer se de estratexias empregadas polos compañeiros; sesións de carácter interactivo, pois ademais de ser máis dinámicas, permiten compartir coñecemento; experiencias que potencien o uso de recursos virtuais; e, por último, no caso das linguas é recomendable o uso do portfolio, pois isto axudará na avaliación continua, potenciará a autonomía do alumnado e desenvolverá o seu pensamento crítico e reflexivo.

Buscarase tamén un tratamento integrado das linguas, pois o fin de todas elas é que os alumnos alcancen unha competencia comunicativa que lles permita interactuar en todos os ámbitos que van a formar parte da súa vida. Pomoverase, pois, no ensino de linguas, a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas. Mais dentro deste enfoque comunicativo e de proxectos plurais hai que ter en conta as situacións ou puntos de partida diferentes en cada lingua. Así, debido á minorización da lingua galega, será preciso a súa dinamización, aspecto que haberá que traballar dende dentro e fóra da materia.

#### LIÑAS DE ACTUACIÓN:

- Combinación de métodos que integren os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade para aprender por si mesmos.
- Deseño de situacións de aprendizaxe, de xeito que o alumnado teña que mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes para afrontar con éxito a as diferentes situacións comunicativas e sexa quen de responder aos retos da sociedade do século XXI.
- Trazado de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta as súas vivencias particulares e o tratamento dos elementos transversais.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.
- Uso de estratexias para traballar a comprensión lectora de forma transversal, así como a expresión oral e escrita, como a lectura de xéneros e temáticas diversas, exposicións orais, comentarios, lectura multimodal...
- O desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
- O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión de textos e a súa posterior divulgación.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Netex Smart, 3º ESO
Lingua Galega e Literatura, 3ºESO. Editorial Anaya (ISBN: 978-8467853322)
Callón Torres, Carlos Manuel (2022) O libro negro da lingua galega . Edicións Xerais de Galicia.
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Edicións Xerais de Galicia.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Edicións Xerais de Galicia.
Gómez Sánchez, Anxo e Queixas Zas, Mercedes (2001) Historia xeral da literatura galega. A Nosa Terra.
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Dicionario de pronuncia da lingua galega ( <a href="http://ilg.usc.es/pronuncia/">http://ilg.usc.es/pronuncia/</a> )
Dicionario da Real Academia Galega ( <a href="http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do">http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do</a> )
Historia da Literatura Galega. AS-PG ( <a href="http://literaturagalega.as-pg.gal/">http://literaturagalega.as-pg.gal/</a> )
Cantigas Medievais Galego-Portuguesas ( <a href="https://cantigas.fcsh.unl.pt/">https://cantigas.fcsh.unl.pt/</a> )
Universo Cantigas ( <a href="https://universocantigas.gal/">https://universocantigas.gal/</a> )
Fundación de Rosalía de Castro ( <a href="https://rosalia.gal/">https://rosalia.gal/</a> )

Biblioteca Virtual Galega ( <a href="https://bvg.udc.es/">https://bvg.udc.es/</a> )
O Portal das Palabras ( <a href="https://portaldaspalabras.gal/">https://portaldaspalabras.gal/</a> )
Digalego. Dicionario de Galego ( <a href="https://digalego.xunta.gal/gl">https://digalego.xunta.gal/gl</a> )
Lectura Dixital para as Bibliotecas Escolares ( <a href="https://bega-elbe2.edu.xunta.es/?locale=gl">https://bega-elbe2.edu.xunta.es/?locale=gl</a> )
A Mesa Pola Normalización Lingüística ( <a href="https://www.amesa.gal/">https://www.amesa.gal/</a> )

Os recursos empregados son variados e poden sufrir modificacións en función das necesidades educativas e das novidades editoriais.

Cabe destacar os espazos empregados e os recursos:

ESPAZOS:

- Aula de referencia do centro.
- Biblioteca como centro de información, traballo e lecer.
- Outros espazos da contorna (auditorio do Concello, museos, praias e espazos públicos...)
- Outros espazos do centro: sala de traballo, patio, aula de informática...

RECURSOS:

- Material Bibliográfico: libros de lectura, libros de texto, libros de consulta, revistas, xornais...
- Medios audiovisuais: ordenadores, pantalla, proxector, impresora, tablet, e-books...
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais, plataformas bibliográficas, webs institucionais, aplicacións informáticas.

Os recursos están ou poden estar adaptados ás necesidades específicas do alumnado, contando así con materiais axeitados para a atención á diversidade.

Segundo se vaia observando o ritmo de aprendizaxe e os resultados da avaliación, poderanse introducir cambios, tanto para eliminar os materiais que se crean non axeitados como para incluír outros que leven á consecución dos obxectivos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

A avaliación inicial constará de diferentes partes, destinadas a saber as necesidades específicas e os coñecementos previos. Na primeira semana do curso realizarase unha proba escrita na que se avaliarán a produción escrita, a comprensión lectora e os coñecementos literarios, ortográficos e gramaticais (funcionamento da lingua) dos que parte o alumnado. Así mesmo,

analizarase a comprensión e expresión oral do alumnado a través da observación directa na aula, tanto nas producións orais espontáneas do alumnado como nas actividades dirixidas. Nese mesmo contexto, observaremos os coñecementos previos do bloque da Lingua e As linguas e os seus falantes. Isto permitiranos establecer as necesidades específicas do grupo e a necesidade de establecer medidas de reforzo ordinarias e/ou extraordinarias.

- Actividade de comprensión oral: reprodución dun audio ou vídeo con preguntas sobre o seu contido e valoración conxunta do escoitado.

-



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>12</b>	<b>10</b>	<b>13</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	60	65	65	65	60	65	60	60	<b>65</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	40	35	35	35	40	35	40	40	<b>35</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación da materia de Lingua Galega e Literatura debe guiarse polos criterios de avaliación establecidos no decreto que regula o ensino secundario en Galicia. Levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

Co fin de garantir o dereito que asiste aos alumnos/as a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, o profesorado informará ao alumnado do que se vai estudar, de que e cando se vai avaliar e de como se vai cualificar.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Probas escritas: 60 % Farase, como mínimo, unha proba escrita en cada avaliación sobre os contidos de lingua e literatura.

-Oralidade:10%. Este apartado desagregase do seguinte xeito: 1) oralidade planificada. Realizarase unha exposición oral planificada en cada avaliación, sobre algún tema do currículo ou sobre outros temas propostos polo profesor/a. Esta actividade avaliarase mediante táboa de indicadores (rúbrica). 2) Oralidade espontánea: tamén se terán en conta as intervencións espontáneas na aula; valorarase a participación activa nas clases e penalizarase o uso do castelán nas intervencións orais; esta parte avaliarase mediante a observación sistemática. Cada unha das dúas partes ten o mesmo peso, de xeito que se calculará a media das dúas para obter o 10% da nota.

-Lectura: 10%. O alumnado debe ler unha obra literaria en cada avaliación, que será avaliada mediante un control de lectura (escrito ou oral) ou un traballo proposto. Estas probas valorarán a comprensión da obra e a expresión escrita ou oral á hora de comentala.

Co fin de fomentar a lectura, poderanse facer lecturas voluntarias, que serán valoradas positivamente: outorgarase ata 0'50 puntos por lectura, permitíndose ata un máximo de 1 punto en cada avaliación. O profesorado poderá acordar co alumnado o instrumento de avaliación.

-Traballo diario: 10%. Valorarase o traballo e a participación do alumnado e a realización das tarefas encomendadas (traballos individuais ou grupais), tanto na aula como na casa. Terase en conta a participación do alumnado na aula e a atención ás explicacións. Este apartado avaliarase mediante táboas de indicadores (rúbricas, observación sistemática, fichas de seguimento).

-Traballo de investigación en grupo: 10%. O alumnado deberá entregar en cada avaliación un traballo de investigación en grupo, sobre un tema proposto polo profesor/a. Este traballo avaliarase mediante táboa de indicadores (rúbrica).

#### -CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL

A nota final de trimestre será resultado da suma de todas as porcentaxes anteriores. Para obter o aprobado, o alumno/a deberá acadar un mínimo de 5.

#### - CUALIFICACIÓN ORDINARIA

Para o cálculo da nota na avaliación final, aplicarase a media das tres avaliacións parciais (tendo en conta a nota de cada avaliación e non a ponderada), e considérase aprobada se o alumno/a consegue un mínimo de 5 puntos. Para o cálculo desta nota final, terase en conta de maneira positiva a progresión do alumno/a ao longo do curso.

O alumnado terá opcións de mellorar a cualificación final das notas trimestrais e final ordinaria coa realización de lecturas voluntarias ou outras actividades propostas destinadas a mellorar e asentarse os contidos traballados ao longo dos períodos de avaliación. Para iso, a nota final debe ser igual ou superior a 5 puntos. A nota final poderá mellorar



nun máximo de 1 punto.

-Consideracións relativas á corrección lingüística na ESO:

- O alumnado desenvolverá as probas escritas en lingua galega, sendo obxecto de avaliación a calidade das súas producións, tanto orais como escritas. No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

"2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

Atendendo ao que o devandito decreto establece, o alumnado non superará as probas que non estean realizadas en lingua galega (sexan estas orais ou escritas) e entenderase así cando a redacción nunha lingua diferente ao galego supere o 35% da produción.

-Nas probas escritas poderá descontarse ata un 10% da cualificación da devandita proba por erros ortográficos e gramaticais. Descontarase 0,1 punto por cada erro. Considéranse erros ortográficos e gramaticais os seguintes: uso de tempos verbais compostos, mala colocación do pronome persoal átono, solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica e nondiacrítica, solucións alleas ao estándar vixente, etc.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un alumno/a non consiga aprobar unha avaliación, poderá facer unha proba de recuperación dese trimestre en xuño. Se suspende dúas avaliacións, terá que facer un exame final de todo o temario en xuño. As tarefas realizadas de forma colaborativa que non fosen superadas poderán sufrir unha adaptación que permita unha versión individual do traballo (proxectos, exposicións orais, traballo colaborativo, estacións de aprendizaxe, debates...). A cualificación final da convocatoria ordinaria de xuño obterase da media das tres avaliacións, tendo en conta os resultados obtidos nas recuperacións. A materia considérase aprobada se o alumno/a consegue un mínimo de 5 puntos.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Segundo o artigo 13.5. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso».

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51. da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que alude ao Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar e que dita o seguinte:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de seguimento individualizada para alumnos repetidores e con materias pendentes deberá incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.

A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.

c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario.

d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. As estratexias serán distintas ás empregadas habitualmente na aula co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento máis rixidos para que a alumna/o non esqueza dedicarse tamén a esa materia.

e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento. Os recursos materiais son: computador portátil, impresora, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Empregarase a plataforma Edixgal ou outros medios dixitais.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso no que se atope actualmente para seren corrixiadas, ao tempo que poden consultar dúbidas.

g) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumnado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións presenciais de periodicidade mensual na hora de atención ao alumnado e ás familias. Atenderase a través de medios telemáticos (EVA Edixgal, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estea escolarizado o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para a avaliación do alumnado que ten materias pendentes débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes debeá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas.

Aqueles mecanismos de avaliación que non sexan susceptibles da súa repetición, por exemplo, unha presentación ou actuación en grupo, serán avaliados mediante a adaptación a unha versión individual que permita comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados.

Para demostrar que o alumno adquiriu os mínimos de consecución e as aprendizaxes imprescindibles para superar a materia, deberá realizar un boletín de actividades en cada trimestre, que será corrixiado e avaliado polo profesorado. Considerarase superado o trimestre cando a nota do boletín sexa igual ou superior a 5. A nota final da materia pendente será o resultado da media aritmética da nota acadada no boletín en cada un dos trimestres. O alumnado que non entregue cada un dos boletíns completos, en tempo e forma, non superará a avaliación e deberá examinarse en maio da totalidade dos contidos, mediante unha proba escrita.

A superación da materia nas dúas primeiras avaliacións nun curso superior significará o aprobado da materia suspensa no nivel inferior.

h) Acreditación da información á familia. Farase mediante un modelo existente no centro en que conste toda a información a respecto da avaliación e dos resultados do alumno que, unha vez asinado pola nai, pai ou titores legais, será remitido ao departamento.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais,

por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

A partir da avaliación inicial do alumnado, propóranse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso. Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

As medidas de atención á diversidade levaranse a cabo seguindo os protocolos específicos para cada necesidade educativa. Entre elas, levaranse a cabo:

- Supervisión individual para o inicio e realización das tarefas.
- Normas claras no desenvolvemento das tarefas.
- Localización na aula preto do profesorado e afastado de estímulos (ruídos, ventás...)
- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Actividades multiniveladas.
- Fragmentación das actividades e das probas.
- Entregas supervisadas.
- Utilización de reforzos positivos.
- Recorrer á axuda dun compañeiro ou compañeira que sirva de guía.
- Emprego da axenda.

Do mesmo xeito, neste curso contamos co apoio do profesorado PROA, que favorece os reforzos e posibilita a integración na aula do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X			X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Competencia dixital	X			X			X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X			X		
ET.6 - Educación emocional e en valores		X				X		
ET.7 - Igualdade de xénero			X					X
ET.8 - Fomento do espírito crítico e científico		X			X			
ET.9 - A creatividade		X		X		X		
ET.10 - Educación para a saúde						X		
ET.11 - Formación estética		X		X			X	
ET.12 - Concienciación sobre o cambio climático						X		
ET.13 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X		X					X
ET.14 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	
ET.7 - Igualdade de xénero	
ET.8 - Fomento do espírito crítico e científico	
ET.9 - A creatividade	

	UD 9
ET.10 - Educación para a saúde	
ET.11 - Formación estética	
ET.12 - Concienciación sobre o cambio climático	X
ET.13 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	
ET.14 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X
ET.15 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O mundo da dorna	Visita didáctica ás instalacións da Escola de Navegación Tradicional Dorna, na Illa de Arousa	X		
Obradoiro	Obradoiro de dobraxe en galego, ofertado pola Mesa Pola Normalización Lingüística, para conciencia sobre a importancia para a normalización da difusión do galego nos medios audiovisuais.			X
Roteiro literario	Roteiro literario pola Casa Museo de Rosalía de Castro, en Padrón			X
Roteiro toponímico	Roteiro pola Illa de Arousa para coñecer os aspectos lingüísticos máis relevantes da vila.		X	

### Observacións:

As actividades complementarioas están contempladas na PXA. A súa realización estará suxeita á dispoñibilidade de ofertas e outras condicións externas. A temporalización das actividades poderá variar, en función da dispoñibilidade dos autores e participantes das actividades programadas.

O alumnado beneficiarase e poderá tomar parte noutras actividades propostas por outros departamentos que se valorarán de forma sumativa.

- Club de Lectura, organizado pola Biblioteca do centro.
- Voluntariado da Biblioteca escolar.
- Participación no EDLG do centro.
- Concursos de creación literaria internos e externos.
- Participación en proxectos culturais do centro ou da contorna.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Conseguíuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe
Dáse un peso real á observación do traballo na aula
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo
Ao comezo da unidade, o alumnado coñece os obxectivos e competencias que se van traballar, as actividades a realizar e como se van avaliar.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado
Clima de traballo na aula
Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e a participación das familias
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado
O alumnado e as familias teñen acceso á programación

### Descrición:

Os indicadores de logro arriba enumerados pretenden avaliar a planificación, o proceso de ensino e a práctica docente. Recolleranse en acta de departamento os datos en táboas de observación ao rematar o trimestre académico, indicando as propostas de mellora, e teranse en conta os resultados para cursos posteriores, modificando aqueles aspectos que non acadaron unha cualificación positiva.

Do mesmo xeito, farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información, xunto coa referida aos contidos,

metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades no desenvolvemento da programación.

Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento.

Ao final de cada trimestre, o alumnado avaliará a práctica docente na aula, atendendo aos seguintes indicadores de logro:

1. Fanse explicacións xerais con claridade para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. As actividades foron variadas e motivadoras.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
10. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
13. Valórase o traballo e o esforzo

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e os resultados serán recollidos nas actas de departamento. Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación (8.1) e tamén se terá en conta o seguimento das unidades didácticas (sesións previstas, graos de cumprimento...).

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos.

## 9. Outros apartados

### 1. Proxecto Lector

O alumnado deberá seleccionar, de forma crítica e baseándose nos seus gustos persoais, unha obra de lectura entre as propostas para integrar en cada unha das avaliacións. A listaxe de obras propostas está suxeita a modificacións que responderán ás necesidades e gustos do alumnado e á incorporación de novidades editoriais. A proposta é a seguinte:

- Os nenos da varíola, de María Solar
- Be Water, de Antía Yáñez
- Escolma de textos de Rosalía de Castro.
- Noite de voraces sombras, de Agustín Fernández Paz.
- Mentira, de Care Santos.
- A banda sen futuro, de Marilar Aleixandre.
- Cans, de Carlos Meixide.
- Aire Negro, de Agustín Fernández Paz.
- Europa Express, de Andrea Maceiras.
- Penúltimas tendencias, de Carlos Negro.